

CONTRIBUCIÓN A UNHA HISTORIA DOS INTELECTUAIS GALEGOS E O FRANQUISMO

Luís Cochón

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en
Humanidades

doi:10.17075/mucnoc.2014.015



Tráio aquí, antes que nada, a palabra de Álvaro Cunqueiro:

«En canto a *Orestes* eu vivín a Guerra Civil e os anos seguintes, e tiveron unha preocupación intelectual e moral sobre a inutilidade da vinganza. Este é o motivo de *Un hombre que se parecía a Orestes*». Segue a dicir o autor:

«*Palabras de víspera* é coma o borrador dunha peza, con fondo histórico [...]. As “palabras de víspera” serán o exame de conciencia que ha de facer un home, pra convencerse que non tivo culpa na morte dun irmán».

I

«A consolidación do franquismo só foi posible grazas a que unha parte da sociedade civil colaborou no seu sostemento. Unha ditadura non se sostén coa simple coerción, senón encontrando unha base, máis ou menos estable e duradeira, xerando uns intereses compartidos e tecendo unhas redes de captación que permitan a súa supervivencia e funcionamento. Non hai dominación sen un mínimo de aceptación».

Semivítimas, semicómplices: como todo o mundo.

Parece que esteamos no relato de Laxeiro no faladoiro do *Xixón*, cando explicaba como era posible facer estoupar todo Madrid colocando, doadamente, un cento de bombas nos tubos subterráneos que recollen as inmundicias da urbe e vila. Un dos maxistrados do Supremo que asistía á narración proclamou:

—«Laxeiro, vostede é un anarquista».

—«Si señor, si, anarquista: pero indolente».

Todos fomos

—*soi disant*

— franquistas indolentes.

II

Bergamín, cabeza de turco

Cando Dámaso Alonso lle quixo facer unha comida homenaxe, na súa casa de Chamartín de la Rosa, á que convidou a poetas amigos seus, os de sempre, Rosales, Panero, Vivanco, Muñoz Rojas, non máis. No *dopotavola* e nas libacións, aquilo converteuse nunha reunión clandestina antifranquista e cadaquén sacaba o seu chistiño contra o ditador. Todos falaban, menos Bergamín, animado por Eulalia Galvarriato:

—«Pepe, y tú tan callado cuando eres el que más tiene que decir». Pepe Bergamín fíxose de rogar, como se os fose mirando a cada un daqueles comensais mesmo satisfeitos. Non quería falar, e menos na ocasión amigable na que estaba a ser agasallado. Pero acabou por dicir:

—«Yo nunca hablo mal del amo, en casa de sus criados».

A cousa puido rematar mal.

Pasou entre o ano 58-59, nalgunha daquelas viaxes desde México (vía París), toleradas ou non (Bergamín era amigo do ministro Malraux, que exercía), pero antes da expulsión, arbitraria, do país decretada polo tamén ministro de Franco, Fraga Iribarne, tras a carta dos 102 contra a represión, asinada por intelectuais prestixiosos.

Un único galego, Gonzalo Torrente Ballester, confinado desde entón en Pontevedra, na cátedra desdobrada, no instituto. Aí é nada: Filgueira e Torrente.

Por que camiños inescrutables teñen cita na Boa Vila a obra *Sagalfuga de JB*, a cidade, nunca máis enchida de razón, e o autor, construtor desa marabilla literaria que fixo posible, entre outras cousas, esoutra excelsitude rapsódica que supón *Cabalo de ouros* de Víctor Freixanes en honra da súa cidade (Habería que dilucidar se o título *Cabalo de ouros* encerra sucesivas polionomasias, pola época, e pola era ominosa, catro décadas, cando se cicelou o apotegma explícito: tranquilidade a base de tranca).

Cando daquela trunfaban bastos.

III

A era de Franco, como Ramón Tamames se atreveu a designar. Aquela que comeza o primeiro de abril do ano 39, Día da Vitoria (tamén houbo o desfile da vitoria, na Castellana de Madrid, na que un mozo díscolo e torpemente ousado, na súa mili madrileña, na División Acoirazada, se negou a desfilar). O primeiro de abril era sábado, sábado santo.

É o caso que, na terceira de *ABC*, dedicada aos mellores colaboradores, o primeiro número que se publica en Madrid, tras a incautación polo Goberno republicano, que o pechou, non así o *ABC* de Sevilla, pantalla e baluarte dos rebeldes, que mediante alteración semántica foron convertidos en nacionais. Translación léxica que nin Mairena era capaz de comprender, como a metáfora surrealista que determina a formación daquela forza de seguridade que se chamou «guardia de asalto», como despropósito lingüístico.

Hei seguir coa terceira plana. A terceira de *ABC* de Madrid que se dividiu en tres columnas: as laterais asinadas polo director e subdirector, Manuel Halcón e Álvaro Cunqueiro, e no centro, Emilio Carrere.

A mellor das tres é a de Cunqueiro, aínda que co pé forzado da efeméride da que non podía desentoar: os vencedores son os que escriben a historia.

Convertido eu, hoxe, en lector, indo ás fontes, teño que admitir que a retórica do día, en Cunqueiro, é a franquista menos posible. Nin sequera no primeiro de abril, Cunqueiro non é franquista. É, inequivocamente, falanxista, daqueles que miran a Franco con algún receo:

—«Yo nunca fui franquista», afirmación que haberá que deixar a beneficio de inventario. Pero o texto de Cunqueiro sabe a verdade. Comprácese coa nova vida que se estrea en España; pero, ao mesmo tempo, é, a súa, unha prosa admonitoria. O que di traspasa a realidade do día, vai máis aló, transcende a anécdota.

Non contaba eu atopar un escrito de tanta dignidade. Atrévase a requirir ao vencedor, mesmo no día do triunfo.

O artigo de Cunqueiro titúlase «En la hora final», que coincide co último parte de guerra.

IV

Nos mueve el apetito de construir según normas de servicio y justicia una nueva libertad española, capaz de superar todas las diferencias, cumplir todas las redenciones y hacer que habite en España el clima de la solidaridad social. La menor virtud positiva de nuestra conciencia española ha de ser capaz de derrotar, por su propia presencia, el mayor de los odios sembrados, en el voleo de los años tristes, sobre la ancha soledad de España. Porque sobre nuestra Patria, como sobre toda espada coronada, el lema permanece: «sin misericordia no hay Imperio».

V

Parece oírse a palabra cabal de frei Luís e o seu eco «sobre la ancha soledad de España»:

E non é posible oír tamén a tripla pregaria: paz, piedade, perdón, que, se cadra, se coroaron desde a outra fronte?

Non está resoando a apelación implacable, do vello don Miguel, na alta cátedra do Paraninfo?

VI

No 75, tiña 33 anos. Media vida na ditadura. Contra ela. Polo mesmo feito de lle ser hostil, non sempre actuei como demócrata. Aínda agora podoo detectar en min, ou mo fan ver, no meu comportamento, a síndrome autoritaria, que me vén de alí, xusto por estar contra. O réxime foinos envelenando, corroendo. A propia loita (ou lida) vólvese contra ti (Cómpre articular a palabra loita, que é verba maior, con algunha decencia e ningunha retórica). A min e a cantos coma min nos toucou vivir nunha patria

—*petita patria* recitaba Espriu

— *disortada*, sen sorte, carente de liberdade. Patria inxusta, con esa inxustiza que te marca

—e tanto

— e que quere descompoñer a armadura ética do rapaz díscolo e destemido, contra a ignominia, a *matonería*, o avasalamiento, en suma. Un rapaz ou mozo, ou home *revolté*, ao que non lle coubo o pan no corpo: aprender a dicir non *ad nauseam*.

VII

A biografía de Cunqueiro está por escribir, coma tantas outras. Podemos dar testemuños abondos dos amigos que se quixeron memorialistas dos días de San Sebastián e de Madrid: Assía, José Luis Varela, Fraga, Borobó (o pontevedrés Blanco Tobío, na altura brazo dereito de Juan Aparicio, non di nada), Torrente, Caro Baroja. Deste último, non podo máis que traer aínda algunhas palabras certas sobre Cunqueiro, no seu *Os Baroja*:

Uno de sus contertulios preferidos era cierto periodista y escritor que, después de haber ocupado cargos importantes con Franco, había sido relegado a causa de su absurdo desorden económico. Era éste un hombre alto, con gafas, sonriente, de mirada un poco absorta, que se sentía discípulo de Valle-Inclán y amante, como él, de una Galicia medieval, llena de abades, caballeros, hadas y hechiceras. Y en uno de aquellos figones madrileños y en aquella época de hambre colectiva, caído ya en el surco de los vencidos, se deleitaba contando historias fantásticas y haciendo gala de los privilegios nobiliarios que le correspondían como herencia, uno de los cuales, me acuerdo, que era el de poder entrar bajo palio en la catedral de Mondoñedo en fecha señalada. Pero a lo mejor, en un inciso, descendiendo de la Galicia feudal a un Madrid plebeyo y cochambroso, se dirigía a Astorga y preguntaba: «Oye, Juan, ¿puedes prestarme cinco pesetas?» (Caro Baroja, 1972).

Nótese que non se cita ao noso escritor, pero o retrato non ten perda, era xa un relegado, caído «no sulco dos vencidos», extemporáneo e anacrónico, fóra de lugar como se vivise noutro tempo e non no agora «plebeo e cochambroso», moi lonxe daqueles privilexios de antano, a fame colectiva de hogano.

Con todo é, a de Caro, unha recordación cariñosa, mesturada de afecto e aínda de confianza no talento do escritor, que, xa caído, volve ser dos nosos por

iso mesmo. É a primeira vez, pola probidade de Caro, que Cunqueiro recibe a consideración de vencido. Falamos de Madrid do 41 e 42 e non doutras falacias que se teñen dito.

VIII

Nestes anos recentes

—coa que está a caer

—, a vivacidade na rúa, se non entusiasmo ou indignación, calquera pode oír, por ausencia, o silencio desesperante dos intelectuais.

Poucas veces nos temos sentido tan desasistidos para saber ler, simplemente, o que está a pasar. Desvelar a significación fonda dos feitos e proxectos en accións que han vir e virán. A xente do común séntese orfa, de toda orfandade, dalgunha lección, ou interpretación pertinente e de mobilización, con grave risco de ignorar os seus propios síntomas: a perplexidade.

Dito doutro modo: onde están os intelectuais? Ulos? Cal é a súa misión agora e aquí? Que foi daquelas persoas que gañaron sona investigando en todos os laboratorios, na cátedra, no mundo das letras e da arte, para mobilizar a opinión pública a prol de ideas que consideraron xustas? Ou asistimos, outra volta, á traizón dos clérigos? *La trahison des clers*. Como inflúe

—tense preguntado

— na súa *auctoritas* (sobre todo ética e moral) a *potestas* dos grupos de presión?

Tense pensado en como o mundo da edición (xornais, revistas, libros e outras peripecias), os media, o mundo tan endogámico da universidade, como os intereses (tan varios e privados) *contratan* e controlan pensadores de prestixio para que libren, ao seu servizo, a batalla (ou a guerra) das ideas?

Non quedamos que o intelectual ten que ser libre, polo menos, para dicir o que pensa. Que o intelectual por persoa, e honradez consigo mesmo, ha ser, consecuentemente, crítico co sistema, sempre a contraño: na oposición. Claramente, *o intelectual é o que di non*.

Intelectualidade e franquismo, termos *contra natura*.

IX

Querería falar dalgúns fascistas

—que o foron

— eminentes que coñecín nalgún momento, e quero recordalos con estima ou admiración: Torrente, Cunqueiro, Montero Díaz, Cela. Cela. Si, aínda que tan só fose por aquel discurso admirablemente exemplar, co que recibiu na Real Academia Española ao excelentísimo señor don Antonio Rodríguez Moñino. Iso, só iso, pode bastar para perdoar outras demaisías.

Bergamín e Caro Baroja son outros *lópeces*. Bergamín, aquel que dixo: «Con los comunistas hasta la muerte. Pero ni un sólo paso más allá».

Moñino

—acórdome de Odriozola

—, o grande introdutor de embaixadores de cantos hispanistas se acercaban a Madrid (para nós don Antonio, o marido da nosa dona María Brey Mariño).

A don Julio Caro Baroja coñecino en Pontevedra. *Cativo cicerone* polas rúas da cidade. No Ateneo, presentouno Filgueira cun discurso medido, preparado, brillante e ata solemne. Lémbrome da cara de don Julio dicindo: «Esta ocasión me recuerda a aquel escritor que le pidió a mi tío Pío un prólogo para una novela suya».

—«Don Pío, un prólogo modesto, corto y mal hecho, si puede ser. No sea que el prólogo se me coma el libro».

Ante as donosuras de Filgueira e a habelencia discursiva, don Julio tivo que aceptar que o prólogo lle chafara a conferencia. Caro Baroja era un sabio, raramente orador de tribuna.

A Santiago Montero Díaz debeumo presentar Herminio Barreiro, no 61, en Madrid, se cadra en *Princesita*, un bar, en Argüelles, na rúa da Princesa, onde, ao baixar do tranvía, Moncloa-Paraninfo, acostumabamos recalar algúns estudantes e catedráticos, seareiros uns e outros da mesma locomoción. Os ollos, o mirar. O vigor do xesto. Cabelo negrísimo, sen canas (nin no final, cando o visitei no pazo do Revel, en Vilalonga de Arousa, nas súas últimas vacacións de agosto), liso, alisado para atrás, por veces dehiscente, enriba dunha pel ennegrecida, mesmo malaia. Algo de oriental, comedido e misterioso, de contrabandista de especias no mar da China ou na ruta da seda. Escorregadizo, mesmo no porte e na esta-

tura. Pasara, de neno, bastantes anos en Cuba. De aí a súa afección pola prosa de Vargas Vila e pola retórica posmodernista do seu estilo oratorio.

Foi entón cando lle pedín permiso para ir ás súas clases de Historia das relixións e ao seu seminario. Pasados poucos meses, don Santiago foinos encargando, a modo de pequenos relatorios, algún traballo: Cabanillas, «Calle mayor» de Bardem, a poesía de Alberti. A intervención era pagada con cincocentas pesetas, de entón, e coas *Obras completas* de José Antonio: «bien entendido que las quinientas pesetas pueden ser rechazadas, pero las *Obras completas*, no».

Foi no seu seminario onde nos deu unha lección poética inusitada sobre a poesía de Mao Zedong, que foi traducindo do francés, dun libro que a Montero lle fora dedicado polo propio autor, cunhas liñas, tamén en francés, que para don Santiago lle pediu Malraux a Mao por medio de Bergamín (de aí veñen as traducións de Novoneyra, feitas anos despois, non da versión de Marcela de Juan, que é posterior).

Acórdome dun día que apareceu Fernández Ferreiro cun compañeiro seu, da escola de Espartedo en Nogueira de Ramuín, que acabara en Nova York e que se lle achegou en Suevia Films, onde traballaba Pepe, cun daqueles cochazos da General Motors. Chegaron xuntos a *Princesita*, e alí, con Montero Díaz: «Eso no es un auto, es una hipérbole de hojalata», dixo o catedrático. O amigo de Ferreiro non tivo tempo, aquela vez (entendese ou non a hipérbole), de explicar como o nome *Brais Pinto*, mítico afiadador, inventado polo novelista, que acabaría por ser nome daquel grupo de mozos galegos galeguistas e, se cadra, nacionalistas, Brais Pinto viña a ser tradución de Brains Point ou algo parecido, segundo o propietario da hipérbole, se cadra ponte mental entre hemisferios cerebrais.

Habería que ver de que escuras maneiras algúns de nós fomos adoutrinados no galeguismo de esquerdas, nos primeiros anos 60, en Madrid, cando esquerdas tiña unha semántica precisa, case que demasiado precisa, por un mestre inconsútil

—como a túnica de Xesucristo

—discípulo de tantas viravoltas políticas

—dereita, esquerda, medio pensionista

—desde o marxismo inicial ata o fascismo intermedio (jonsista), para rematar, como debeu, no nacionalismo galego. Tal como nos aprendeu a nós, con aquel seu engado e habelencia dialéctica, enormemente culto, onde todos os saberes se concitaban.

Montero Díaz estivo sempre na contra, a contrafío, e sempre exercendo de oposición contra o Goberno ou contra o poder, na esquerda ou na dereita ou na quinta columna. Pasou en Almagro de Ciudad Real o desterro decretado polo Réxime vencedor. Falaba ben dos manchegos, único xentilicio que rima con galegos, dicía. Esa querenza pola Mancha propiciou, en parte, o seu *Cervantes*.

De entón veunos a devoción pola filosofía antiga (que Montero explicou durante quince anos tentando amparar a Zubiri, lexítimo adxudicatario da cátedra, para que non fose sacada a concurso) daquel *maître à penser*, que tiña en si todas as hermenéuticas socráticas e tantas outras

—ata Hegel, dialéctico, pero non materialista. Tiña o encanto soñador dos escépticos que no mundo teñen sido.

Ía sendo hora de dispoñer dunha achega solvente, pero non completa

—queda moito que debullar

— sobre a figura de Montero Díaz no traballo de investigación do profesor Núñez Seixas: «As derivas dun fascista heterodoxo: Santiago Montero Díaz», en dúas entregas en *Grial*, números 189 e 190.

Por aquel tempo, coñeciamos de Montero a súa colaboración sobre a literatura grega, espléndido resumoe, dentro da *Literatura universal*, no primeiro tomo, dirixido por Ciriaco Pérez Bustamante, pero prologado por Montero, sen dicir o seu nome (abonda o estilo). Tamén a escolleita de estudos *De Caliclés a Trajano*, a súa *partie nulle*, *Ni Toynbee ni Spengler*. E, sobre todo, o seu libriño *Cervantes, compañero eterno*, que sabiamos de memoria.

Cómpre saber que a lectura que fai Montero do *Quixote* é extremadamente lúcida, comparable á de don Miguel de Unamuno, á segunda de don Américo Castro, ou ás de Martín Santos, que fixo *ex aequo* con Juan Benet, e que aparece naquel ensaio prodixioso de *Tiempo de silencio*. Se cadra, don Santiago non quixo dicir naquel momento que os antagonistas no Quixote son os duques contra os que a obra vai dirixida fundamentalmente. Aquela aristocracia vacua e ociosa buscando divertirse no medio dos males de España, na idade conflitiva.

O palomequismo versus quixotismo, que ten unha versión déctica ao sinalar ao historiador Palomeque, Antonio Palomeque Torres, que acabaría de profesor en Barcelona, rival de Montero nunha trinca para oposicións á cátedra madrileña de Historia que Montero volveu gañar (non veu a Madrid como trasladado de Murcia, como foi a Barcelona: para entrar na Central tiña que ser tras oposición

ad hoc). Na trinca quedaron de acordo en que cada un falaría de si, pero sen meterse co outro. Así o fixo Montero, que actuaba o primeiro, gardando o *fair-play*, e, chegado o momento de Palomeque, a súa intervención foi para poñer a caldo ao adversario descualificando o seu traballo e mesmo a filosofía e o enfoque maiéutico. Na réplica, que Montero non usou senón para aclarar o de Palomeque, xulgábase por si propio.

Desde entón, soubemos todos quen era estoutro Palomeque, non o Zurdo, o veteiro da primeira saída de don Quixote.

Conservo o seu recordo como de persoa sempre amigable, crítica con case todo, contraditorio, agás no amor a Galicia, sempiterno glosador das súas grandezas e algunha miseria. No seu despacho, da casa dos catedráticos que habitou ata a morte (1985), entre outras, dúas carpetas: unha, «Non deas a esquecemento», e outra, «Traga, Iribarne».

No ano 61, era un antifranquista confeso, e o grupiño dos galegos sempre nos sentimos amparados por el.

«Ten vostede que levarme á casa dese “practicante de galeguismo”», para referirse a un famoso médico compostelán, na primavera do 64, cando o chamei para a Homenaxe a Antonio Machado, na Facultade de Filosofía e Letras, o día antes da súa tan deostada conferencia «Diego Gelmírez: historia de una fama» pronunciada diante da cúpula da Armada, na cátedra de alta cultura naval «Arzobispo Gelmírez», con sede daquela na Facultade de Dereito compostelá].

X

Naquela primeira *Historia de Galicia contemporánea*, de Ramón Villares, omítese a figura e mesmo o apelido do ditador, sátrapa invicto, caudillo, sentinela de Occidente, e outras lindezas, sen ter que recorrer ao franquismo, latente e patente, dos que mandan na Academia da Historia.

A historia sen culpables. Un franquismo que rexorde a cada paso nos *coletazos* do nacionalcatolicismo, a dereita de sempre

—dereitona

—, que algo cedeu para manter o principal e, a cambio, a esquerda aceptou algo, para non perdelo todo. Un *do ut des* que evitou a creación dun tribunal que xulgase os crimes

—que o son

— do franquismo.

Síntome, decote, habitante na utopía sucesivamente aprazada.

Estou a ser, eu, un vello colérico, sen remedio como o protagonista do relato de Lautreamont.

Esperemos. *Speriamo bene.*

XI

Xa no ano cincuenta, tense referido Buero, por escrito, «ás limitacións expresivas», así lles chamaba el con ese delicado eufemismo.

Támén Cunqueiro se ten queixado, na súa etapa no *Faro*, do que «non se podía dicir». «Así pois, os clásicos son algunhas veces a maneira que ten un home para dicir cousas que non lle permite dicir unha situación sen moita liberdade de palabra».

Cando en 1965

—por poñer un ano

— se lía en público o poema de Valente «Una inscripción», a pesar de situalo na Roma de Nerón

—modesto sátapra

—, para o que veu despois, un non podía por menos, como degaro, apalpar certos aspectos da España de entón.

Os últimos versos eran lidos

—ou recitados

— como unha referencia ao final do réxime franquista:

Alegre permanece, Tacio,

amigo mío,

nadie es inmortal.

